

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº36/ Ano: 2021 / 1º xornal Mes de setembro / Estado de ilusión

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



DEPURADORAS DE ONS

Despois das Freguifestas de Ons, xurdiu un importante problema coas depuradoras. A Consellería M. Ambiente busca fórmulas para sacarse a culpabilidade e concello de Bueu e veciños aclaran o tema.

Páx. 1

EXPOSICIÓN DE LIBROS, REVISTAS E TRABALLOS SOBRE A ILLA DE ONS

Despois de celebrarse en Bueu este verán unhas charlas e exposicións sobre a obra literaria do Morrazo, coido que sería moi interesante para coñecer mellor a Illa e o que se escribiu sobre ela, que se levara a cabo, no verán e no C. de visitantes, unhas charlas e exposicións de toda a bibliografía sobre esta engaiolante Illa.

Páx. 2



Os Camawayanos, Álvaro e Uxía, reciben dos veciños da Illa unha merecida homenaxe.

Páx. 2



CONTOS DE TABERNA

A PESCA DO POLBO ANDANDO POLA ORELA DA PRAIA

Pepe da Illa ten unha grande imaxinación, miren como convenceu a un turista para pescar polbo pola orela da praia.

Páx. 3

ONS NA MEMORIA

Traio desta entrega a foto dunha das comisións de Festas da Illa.

Non se pode perder esa tradición. A Festa da Illa tiña unha Comisión de Festas, que elixida pola saínte, encargábase de organizar todos os actos da celebración. Volvo a animar aos aunienses a que ese Sentimento faga que, para o ano, haxa unha Comisión de veciñ@s encargada.

Páx. 4



HOMENAXE ÁS CANTAREIRAS

O acto máis interesante e emotivo deste día de Festa na Illa de Ons 2021.

En realidade temos que velo como unha homenaxe a todas as mulleres dunha xeración de aunienses.

Páx. 4

Outras novas: - Salgadoiro de Suxestións "Maravedi de Sálvora" Páx. 1
- Reciclando Páx. 2. - Ons arqueolóxica: Estudan un antigo poboado en Cíes. Páx. 4. - Triple Corona Illas Atlánticas Páx. 6

DEPURADORAS NA ILLA DE ONS

Cando acababa de enviar o Onstopus nº 35 (24/08/2021), na prensa xurdía a nova con este título “La depuradora de Ons, revienta). Dende logo un título nada esperanzador para a máis que grave problemática de saneamento que ten Ons.

Rapidamente a Consellería sae ao paso, e comeza a buscar a quen botarlle a culpa, que só ela ten. O máis rechamante, que tamén reflectiron na prensa como segundo titular, foi dicir: “después de dos días de Fiesta”.

Ao día seguinte, ao carón da Festa, a Consellería tamén aludiu a vertidos inadecuados como graxas do aceite do polbo (manda carallo) e de hixiene persoal.

Sería interesante, cos datos que temos na man, tocar este tema con moita máis detención, pero non é o que pretendo neste humilde xornal, aínda que non está de máis matizar algunhas das desculpas que se dan para meterlle o embolado a outros.

Con respecto **á Festa**: dende a metade de xullo ata o día da Festa (22 de agosto), Ons estivo chea en prazas para visitantes. Pode ser que o número de veciños crecerá un tanto por cento os días 21 e 22 de agosto por mor, non da Festa, senón pola proxección da película “Ons” e pola homenaxe as Cantareiras da Illa, pero sabemos que os veciños, poden ir tomar algo á zona de bares, que verten á depuradora, pero a vida fana nas súas casas, e a grande maioría desas vivendas non verten residuos á Depuradora teñen os seus propios medios, que ata o de agora, non deron ningún tipo de problema.

Con respecto aos residuos do **aceite do polbo**: Non creo que ese día se degustara máis polbo nos restaurantes que outro calquera do verán con cheo de visitantes, e tamén penso que a limpeza que se fai nestes locais, coido, cumpre todas as medidas hixiénicas e medio ambientais. De todos os xeitos, con respecto a este problema, como o dos aceites e o da reciclaxe en Ons, é un tema de falla de información por parte de Parques.

PineirÓns, nos seus Informes, leva anos solicitando á administración un Programa de Educación Ambiental para veciños e donos de restaurantes da Illa.

Dende a Consellería de M. Ambiente poderían, nunhas charlas ben programadas, informar aos veciños e restauradores que tipo de materiais de limpeza se poden empregar, como empregalos, tempos de utilización de certa maquinaria,..., como reciclar, utilización de contedores de lixo para reciclado (que incrivelmente non hai en Ons, administrada pola Consellería de Medio Ambiente),..., reciclaxe de aceites,... E todo iso complementado con charlas sobre utilización da auga, da luz,...

Botar a culpa aos demais é doado, pero a administración xestora do Parque ten a obriga de informar, dialogar, buscar solucións, alternativas,..., e outro longo etc. Por desgraza, a incompetencia só ten unha saída, PROHIBIR, e iso é ao que están acostumbrados os veciños de Ons como resposta da administración, aínda que tamén é certo que, se dende a propia Illa (veciños) e concello, dan a calada como resposta, non imos cara adiante.

A Consellería de Medio Ambiente, con respecto á Illa de Ons, ve unha ínfima esteña no ollo alleo, pero non ve un tronco completo no propio. Hai que buscar solucións antes de que ocorran, buscalas despois é algo que pode demostrar ineptitude e moi mala xestión.

NOTA: Esta nova sacábaa no mesmo día que saíu a noticia na prensa (25/08/2021). Ao día seguinte (26/08/2021) saíu contestación de concello e veciños na prensa: <https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2021/08/26/proprietario-ons-arreglar-depuradora-56547459.html>

Novo suceso:

<https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2021/09/06/bombeo-depuradora-ons-vuelve-reventar-56987219.html>





Foto arriba: Vertidos da depuradora o 23 de agosto de 2021. (Faro de Vigo)

Foto abaixo: Chegada da segunda depuradora ao peirao de Ons no 2012. Nestes intres (2021) hai dúas instaladas. Funcionan as dúas a pleno rendemento e adecuadamente?



SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS “MARAVEDÍ DE SÁLVORA”

No anterior número, sacaba a suxestión de Fernando Alonso Romero sobre o maravedí atopado en Sálvora, onde me pedía datos sobre o lugar onde aparecera.

Eu envieille a nota de prensa do Faro, onde poñía: : “a unos veinte metros en dirección al faro desde el cruce en el que se puede escoger ir hacia allí o a la aldea”. El contestoume do seguinte xeito:

“Gracias Tino, por la información. Pero no coincide con el lugar de mi hallazgo; lo cual indica que en esa isla hay mucho que descubrir sobre la historia de su población. Me sorprende que la encontraran en la superficie del camino; lo que quiere decir: o bien que ese camino es muy antiguo o que la lluvia y el viento la desplazaron del lugar en el que se encontraba originariamente. Por lo que es probable que en sus cercanías se encuentren más monedas, no necesariamente producto de un descuido de su antiguo dueño, sino de un tesorillo por descubrir. Para darle un interés romántico a la escena, pensemos en los piratas que pudieron pasar por ahí, o en los temores de los isleños a ser robados por ellos...”

Ben, aquí deixo esta suxestión de Alonso Romero que, con interese romántico ou non, o certo é que as illas atlánticas teñen un valor histórico-arqueolóxico-etnográfico ao que hai que dar a importancia que lle corresponde.

VARU CAMAWEY E UXÍA, FILLOS ADOPTIVOS DE ONS

Varu Camawey e a súa parella Uxía, recibiron de mans dos veciños o Faro de Ons de Sargadelos en recoñecemento pola súa loita a favor da Illa. Foi entregado dito galardón o día 22 de agosto, festa de San Xaquín.

Así nolo narraban: *“35 anos, dos 16 aos 51, namorados desta terra onde nos coñecemos en Camawey. Ons é o lugar que nos marcou e educou sendo hoxe en día quen somos, loitando por uns dereitos e unha cultura que os insulares deben ter, sen nós selo, pero sentíndoa dende o máis profundo da nosa alma. Esta illa deunos tanto, que estamos obrigados a devolverlle todo o que estea da nosa man, que nunca será nin a cuarta parte do que ela nos deu.*

“Agradecidos de por vida. Ons interestelar. Camawey libre”. Unha parella que soubo integrarse nunha comunidade sen renunciar nunca aos seus principios e raíces Camawayanas.

Teñen este galardón ben merecido. Parabéns parella!!!!



RECICLANDO

No ano 2018, vendo que non había Comisión de Festas para San Xaquín, dous unienses e un adoptivo (Manolito, Pepe de Miro e Maqui) decidiron que había que facer algo.

E así cunha fanfarria, uns mariachis e un dis-jockey, a carón da misa e a procesión, fixeron unha magnífica Festa, que repetiron con maior éxito no 2019. No 2020 a Covid fixo imposible calquera acto o día de San Xaquín e neste 2021, xunto á programación do concello e debido a que sobraran uns cartos do 2019, puxeron as bandeiras e contrataron de novo aos mariachis.

Aquí os temos, dando exemplo, reciclando as bandeiras para o próximo ano,



ONS

A ILLA QUE NAVEGA NO TEMPO



Arturo S. Cidrás

EXPOSICIÓN DE LIBROS, REVISTAS E TRABALLOS sobre a ILLA DE ONS

EXPOSICIÓN DE LIBROS, REVISTAS, TRABALLOS,..., SOBRE ONS. *Un acto cultural interesante a facer.*

Dende hai máis de 40 anos, levo recompilando datos sobre a Illa de Ons, pois, tendo en conta as súas importantísimas peculiaridades socio-histórico-etnográfico-naturais, ata uns anos despois de estar incluída no Parque Nacional, ninguén se preocupara delas, agás pequenas e interesantes excepcións, para dalas a coñecer e que foran estudadas dun xeito científico.

Paseniñamente vanse conseguindo os obxectivos propostos, aínda que máis na parte natural que nas outras tres, e nestes últimos 30 anos, foron xurdindo unha serie de investigacións, traballos, estudos,..., moitos dos cales deron pé a unha interesante cantidade de publicacións que, esperemos, teñan recompilados na, que debería existir, Biblioteca do Parque Nacional, dependente da Consellería de Medio Ambiente, ben catalogados e clasificados, non só para adornar os estantes dunha biblioteca do edificio Cambón, senón para uso e consulta de investigadores, científicos,..., e calquera persoa que os solicite para análise, formación,..., ou toma de datos.

Quero instar, dende este humilde xornal, á Consellería e á Dirección do Parque para que, no edificio central do Parque en Vigo, teñan unha boa **BIBLIOTECA**, con todo tipo de libros, revistas,..., traballos e estudos sobre todas as illas do Parque Nacional, ben catalogados e a disposición do público, tanto en fichas como de xeito dixital, para consulta.

Á vez, tamén nos diferentes Centros de Visitantes, das catro illas do Parque, que dispoñan do mesmo material, pero relacionado coa Illa en concreto onde estean, e coa posibilidade de visualizar o demais material por vía dixital.

Animo á Consellería, aos responsables do Parque e ao Concello de Bueu (no que se refire a Ons neste caso), para que, entre as actividades a realizar en Ons para o verán que vén, se faga unha **Exposición de Libros, Revistas, Traballos,...**, sobre esta Illa, co fin de que, veciños e visitantes, coñezan o que se foi traballando nestes anos e, a aqueles que lle interesen, os consulten.

CONTOS DE TABERNA. Aclaración: En varias ocasións preguntáronme se os contos que insería en Onstopus eran inventados por min. Co fin de aclarar o tema a quen interese, dicir que o 70% dos contos inseridos foron escoitados en Ons ou noutros lugares pero referidos á Illa ou aos aunienses, o outro 30% son contos referidos a outros lugares pero que ben poderían ter que ver con Ons, por iso, os amañei e adaptei para que así fose. O que acompaña a este número, foi escoitado na taberna de Checho.

CONTOS DE TABERNA

A PESCA DO POLBO NA PRAIA DE PASEO POLAS PEDRAS DA ORELA

Era un día como calquera outro. Na taberna só estaban os da partida e Juan, apoiado na barra coa súa cervexa, á espera de que algún turista lle dese vara e conseguir tomala gratis.

Chegara o barco de Pancho e un grupo de visitantes subiu pola empinada costa que dende o peirao vai cara a Curro. Entraron varios na taberna, pediron unhas consumicións e marcharon, só quedou un que achegouse, na mesma barra, o máis preto posible á mesa da partida, a carón mesmo de Juan, para poder mirar as fichas dalgún deles e observar as xogadas.

Non debía ter présa e a partida pronto deixou de interesarlle, foi así como, dirixíndose a Juan, preguntoulle: - *¿Es Usted de la Isla?*

Juan viu o ceo aberto, xa entrara unha nécora na nasa!, deixou de ollar a partida e respondeulle: - *“Pois si, son nativo de aquí”*.

O turista comprobou que era doado iniciar conversa e, despois de invitalo á cervexa, volveu a preguntarlle: - *“¿En Ons hay mucho pulpo y se pesca con facilidad, no?”* Juan, xa conseguido o seu obxectivo e vendo que a partida rematara, mandou o engado á nasa da mesa da partida: - *“Pois si, esta illa é un verdadero criadero de pulpo e se pesca moi facilmente, mesmo na playa. Ese que está aí sentado, que le chaman Pepe da Illa, pode explicarle como pescarlos na playa”*.

Juan, nun galego mesturado, intentaba levar a conversa cara á mesa da partida na procura de que Pepe da Illa, que era un artista inventado todo tipo de caralladas, collera o testemuño: - *“Pepe, dile a este home de Madrid como se pesca o pulpo na playa”*.

Pepe parecía que non tiña o seu día, pero tan pronto o turista dixo: - *“Camarero, ponles una botella en esa mesa”*, entón colleu folgos e comezou a falar con el, en puro galego auniense, tendo o turista a axuda de Juan que, como podía, servíalle de tradutor das palabras máis complicadas de entender.

Os demais da partida, coa botella paga, animárono, e Pepe, co sorriso nos beizos, comezou a explicarlle: *“Mire, para pescar os polbos na praia, hai que conseguir unha madeira de 20 cm. de longo por 3 ou 4 de ancho. Nunha punta amárrase un pequeno cabo, tanza, sedela,..., e, na outra, ponse unha pedra atada para que a madeira vaia ao fondo.*

Sobre a pedra, amárrase unha sardiña, tendo moito coidado de non apertala moito senón esgaza, o importante é que non caia. Logo vaise andando pola orella, pero pegado as pedras, que é onde está o polbo, arrastrando o pau pola parte contraria á pedra. Ao ir andando, a sardiña chéiralle ao polbo e vai ir collelo, agarrándose ao pau. Ese é o momento de apañalo, soltalo do pau e matalo”.

O home estaba extasiado, porque os demais aunienses facilitábanlle o conto a Pepe dando ideas. Convencido dixo: - *“Y donde consigo yo el material necesario”*. Pepe contestoulle: *“A tanza pode pedirlla aos que venden colares, que teñen, a pedra e a madeira cóllea na praia”*.

- *“Ahh, buena idea. Y las sardinas, ¿Tienen aquí en el bar?”* Pepe saíu do paso dicíndolle: - *“Non, aquí na Illa non soemos asar sardiñas en ningún dos bares”*.

- *“Y como hago entonces”*. Pepe de novo, botou man da súa imaxinación e espetoulle: - *“Valen también as de lata, pero con esas hai que ter máis tino á hora de amarralas, porque rompen con moita máis facilidade. Aquí non temos, pero na tenda da siña Rosa hai. Pode mercalas alí”*. O home, xa convencido de todo, alá marchou e, nada máis saír pola porta, as risadas dos aunienses debían escoitarse en Fisterra polo norte e en Portugal polo sur.

Aínda que o conto non rematou aí. Resulta que sobre as 7, hora no que adoitaba marchar de volta o barco de Pancho, entrou o home pola porta da taberna coa idea de ver se atopaba a Pepe de Illa, que alí estaba, na barra tomando un Gin Tonic.

Achegouse a el e díxolle: *“Parte de la mañana y casi toda la tarde hasta que subió la marea y ni un pulpo cogí. ¿Y gasté tres latas de sardinas!”* Pepe, nese intre, estaba só e non se sentía arroupado pola *cla* de aunienses da mañá, pero había que saír do paso e, como sempre tiña saída para todo, chantoulle: *“Mire, as sardiñas da lata en que estaban?”*. O turista díxolle: - *“En aceite de oliva”*.

Pepe veu o ceo aberto: *“Claro!!!, non llo dixen, aí estivo o fallo, os polbos prefiren as sardiñas en aceite de soia ou, se non hai, polo menos de xirasol, que teñen un cheiro máis forte, por iso non lle entraron ao engado.”*

Nese intre, escoitouse a voz dunha muller que chamaba polo home: - *“Luís, ¿Que nos marcha el barco!”* Amolado, saíu o home a fume de carazo da taberna.

(Fotos: Praia de Area dos Cans, ideal para a pesca do polbo andando polas rochas da orella.)



HOMENAXE ÁS CANTAREIRAS DE ONS

Este ano, o concello de Bueu nas súas Freguifestas, decidiu homenaxear ás cantareiras da Illa. Foi un acto moi emotivo, pois para min, e penso que para tod@s @s aunienses, era unha homenaxe a toda unha xeración de mulleres que coa música da pandeireta e a súa inventiva para sacar estrofas adiante, paliaban o enorme traballo diario que tiñan que soportar e coas que os domingos e días de festa animaban a todos os aunienses.

Foi unha pena non poder contar, por problemas de saúde, coa presenza de Aurita, Victoria, Chefa, Concepción,, e con outras que xa non están entre nós, pero que eran puntais importantes na troula como Irene, Juana, Rosa,...

O primeiro encontro que tiveron eu coa música de Ons, foi na taberna de Checho pero tendo como protagonistas aos mariñeiros aunienses, no que poderíamos chamar Cantos de Taberna ao igual aos que se escoitaban en todas as tascas, bodegas,...., dos pobos mariñeiros galegos.

Non menos interesante foi coñecer as estrofas das cantigas que atopei no traballo de Álvaro das Casas, grazas ao cal, léndollas as mulleres da Illa, recompilei un bo número delas máis, que logo, co tino de que persoas cualificadas no mundo da música as viñeran a estudar, saquei varios artigos en prensa e nas revistas Raigame nº 8-1999 e en AUNIOS nº 11-2006. Tamén tiveron a sorte de ver e escoitar, un día de San Xoán de 1984 no bar "O Que Faltaba" rexentado por Gloria (unha das homenaxeadas), como se armaba unha Regueifa entre Gloria e o seu cuñado Manolo, aos que, en pouco, uníronse outr@s aunienses, formándose unha festa tremenda, da que teño que dicir, pouco gocei, pois non daba feito a anotar as estrofas que inventaban.

Tamén coidei que, cando Mercedes Peón presentouse na Illa e lle deron todas as facilidades para investigar sobre as pandeireteiras de Ons, só quedara a cousa nunha saída destas no programa Luar. Esperemos que o grupo "Arredor da Tradición", investigue e afonde na tradición musical auniense e a poña no lugar que se merece.

Nas fotos as homenaxeadas e o grupo Arredor da Tradición.



Fotos: Tinón e Concello de Bueu.



ONS NA MEMORIA

COMISIÓN DE FESTAS DA ILLA FINAIS ANOS 80

As Festas en honra de San Xaquín en Ons, que se celebraban na penúltima semana de agosto, atraían, a carón de a todos os veciños de Ons, a familias dos pobos da costa do Morrazo, Salnés e mesmo do Barbanza.

Eran uns días de esquecer as precariedades coas que vivían diariamente e dedicarse á troula, ao son da pandeireta e das orquestras que, durante tres longos días, achegábanse á Illa.

A gastronomía tamén era un punto moi interesante nos días de Festa xa que se esquecían do peixe que a diario era a base da súa dieta, e era o intre da carne, onde os galos e as ovellas ou años pasaban a encher os potes nas lareiras.

Todos os anos nomeábase unha Comisión que sería a encargada da organización da Festa para o ano seguinte. A nova Comisión era elixida pola saínte e non podían negarse, agás algunha excepción por motivos xustificadas.

Ao igual, había un cota a aportar por familia e por barco. Era raro que, tamén neses casos, se negaran a aportar o acordado, un pobo tan supersticioso como era o auniense, non daba pé a andar a xogar con esas cousas.

Na foto unha das Comisión de Festas de finais dos 80 s. XX.


ONS ARQUEOLÓXICA *Estudan un poboado nun monte das Cíes*

Moi interesante esta nova que podemos ler na prensa, onde un equipo de arqueólogos andarán á procura, nos meses de outono, na illa norte do arquipélago das Cíes, concretamente no lugar de Os Ferreiros, por se ese topónimo agocha unha posible fundición de tempos pretéritos.

A nova é moi interesante, xa que, por fin, a carón da natural vemos que tamén comezan a dedicar esforzos á arqueoloxía e etnografía.

En Ons, neses dous campos, hai un mundo por estudar e pescudar. A arqueoloxía, agás que se destrúa, sempre a teremos aí para investigar, sen embargo a etnografía pérdese con cada auniense que se nos vai. Traballémola.






aparición de tierra firme.

Las tres islas están habitadas. Sus pobladores son gentes de mar y a la vez labradores. Entre las rocas de las Cies, la perseverancia gallega trocó en laborables trozos de tierra arenisca. En Sálvora y Ons unas mujeres recias y sufridas, mientras los hombres se perdían en las nieblas del mar, manejaron la azada para que los terrones del monte fuesen huertas y vegas fértiles y fecunda.

Un espíritu de industria, una bien entendida explotación de las bellezas naturales, haría de las tres islas—frente a las que se asombran los turistas que llegan de los países Nórdicos en caravanas de curiosidad;—tres espléndidos lugares de recreo, que serían visitadísimo en todas las estaciones. A una hora de Villagarcía, Sálvora, a media hora de Vigo o de Marín, las Cies y la Ons, cada buque de turistas enviaría a las islas, para ver posturas de sol en el mar, para extasiarse con panoramas de portento, para escuchar ingentes sinfonías de viento y oleaje zumbando en los picachos y rompiendo en los cantiles, crecidos contingentes.

Dentro de las rías, mirándose en el espejo azul de las aguas quietas, hay también islas. Y estas islas de formas suaves y graciosas, cubiertas de verdor parecen de artefacto, son como elementos decorativos dispuestos por escenógrafo de infinita sabiduría.

Allá al fondo de la bahía viuesa, pasado el estrecho de Rande, el islote de San Simón es como un artefacto versallesco con sus plantíos de sauces y sus avenidas de mirtos, que semejan las blancas edificaciones



Isla de Cortegada.—Un detalle de la misma.

del lazareto más importante de España.

Al pie de Alcobre, la ría de Vigo tiene otra isla plana y arenosa: la de Toralla. En ella, unas recientes excavaciones, descubrieron vestigios de habitaciones celtas.

Promediando la ría de Marín, frente a los Placeres y Cantoarena, se alza, en forma cónica, Tambo. Lo viste verdor de pinos nuevos.

La ría arosana tiene en su extensión tres islas, todas cercanas a la ribera del Este.

Muy adentrada, delante del Carril, en la desembocadura del Ulla, la Cortegada, propiedad del Rey, con sus pinares, con sus sembrados,

con sus viviendas pobres, abandonadas poco ha, para que se alcen los muros suntuosos de una mansión real.

En Cortegada hacían alto las naves portadoras de los guerreros normandos, que en tiempos medioevicos llegaban al Ulla, en afán de rapiña contra Iria Flavia y Santiago.

En medio del Mediterráneo arosano, la isla que da nombre a la ría, la Arosa se estira sobre el agua, formando un aspa, sombría, encima del cristal azul.

Y en la desembocadura de la ría, cerca del Grove, a donde le une un atrevido puente al pie de la vieja y señorial villa de Cambados, se halla la Toja, con sus aguas de fama mundial para

para enfermedades de la piel, con sus palacios espléndidos para hoteles de los agüistas, con sus horizontes de sublimé belleza: mar de rudas olas, mar de serena calma, valles virgilianos y montañas que son pardas y se funden en el azul del cielo, por ciclópicas y por remotas.

M. DE FONDEVILA.





REIVINDICACIÓNS DO PERSOAL DO PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS

Durante o verán chegaron ás nosas mans as reivindicacións do persoal de Parques co fin de regularizar o seu traballo nas Illas.

Anunciaban mobilizacións reclamando unha apertura de negociacións das súas condicións laborais e buscar solucións de traballo axeitadas para solucionar a súa precariedade como empregados públicos nas Illas.

Entre outras reivindicacións falan que a xornada de traballo non está regulada, a súa dispoñibilidade é total.

As condicións de seguridade son ínfimas e incúmprense as medidas básicas en prevención de riscos laborais.

A conciliación da vida laboral, persoal e familiar é imposible.

A maioría do persoal é temporal de longa duración en prazas estruturais.

O ámbito mariño e a insularidade do traballo non se teñen en conta.

As vivendas son compartidas, con enormes carencias e algunhas practicamente inhabitables.

Consellaría de Medio Ambiente Territorio e Vivenda xunto coa Dirección Xeral de Función Pública **NÉGANSE A REGULAR A SITUACIÓN LABORAL DO SEU PERSOAL** dende a transferencia á Xunta do Parque Nacional no ano 2008.

Esperamos que esta situación se regule e que o diálogo e o bo entendemento sexa a tónica a levar entre a Consellería de Medio Ambiente e os seus traballadores no Parque Nacional.



Saída da Praia de Area dos Cans. Foto: Varu



Chegada ao avituallamento de Sanxenxo.

TERCEIRA PROBA

“TRIPLE CORONA ILLAS ATLÁNTICAS”

Esta proba de natación celebrouse, cunha importante participación, entre a Illa de Ons e o porto de Combarro na Ría de Pontevedra. Sobre uns 120 participantes percorreron a nado a distancia de case 25 km., que tardaron en realizar, nada menos que entre 5 h. e media os primeiros e 6 h. e media os últimos.

O tempo, o estado do mar e a temperatura da auga favoreceron a competición que se fixo con todas as medidas de seguridade.

Case en liña recta chegaron a Cabicastro, logo tomaron rumbo a Portonovo e seguiron preto das boias de Silgar para o seu avituallamento nas proximidades do porto de Sanxenxo, para logo seguir, bordeando a costa, ata Combarro.

Partiron en 5 grupos, segundo o nivel, da Praia de Area dos Cans en Ons. Sobre os 9 o fixo o primeiro grupo.

Chegaron a Sanxenxo arredor das 13:30 h. e dúas horas e media despois facían o último grupo de nadadores ao porto de Combarro.

Os nadadores Alberto Taboada en homes y Andrea de la Hera en mulleres, foron os gañadores.

PREOCUPACIÓN ENTRE AS NAVIEIRAS DE ONS DA RÍA

A.C.A correspondente de Onstopus

Aínda que esta proba ten un carácter deportivo, as navieiras viron con preocupación a importante participación, sobre 120 nadadores, que supón case uns 2000 € que non entran nos seus petos na viaxe a Ons. Isto non tería moita importancia senón pensarían en que iso pode levar consigo que os visitantes en vez de coller o barco decidan ir a nado.

Xa teñen concertada unha reunión a tres bandas con Parques e os alcaldes de Bueu e Sanxenxo para buscar solucións.

Ata teñen pensado falar con Alfonso Zarauza, director da película <Ons>, para a realización dunha longametraxe no que unha Orca rode a Ría, entre Pontevedra e Ons, traendo perigo e medo aos areais e aos que se atreven, saíndose das boias que poñen nas praias, a sucular ese espazo marítimo a nado,

SWIMMER, AN ORCA STALKING YOU



Superproducción
Dirixida por
Alfonso Zarauza-

NADADOR, UNHA ORCA AXEXÁNDOTE